

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**

RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2025, da Secretaría Xeral da Lingua, pola que se publica a Resolución do 9 de xuño de 2025 pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 14 de febreiro de 2025.

A Orde do 14 de febreiro de 2025 establece as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega e procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PL400A) (DOG núm. 43, do 4 de marzo).

O órgano instructor, logo da baremación e á vista do informe realizado pola Comisión de Valoración, formulou a proposta de resolución que, como establece o artigo 19, elevou ao órgano competente, á persoa titular da Secretaría Xeral da Lingua, que, en virtude da competencia delegada na disposición adicional única para resolver os procedementos de concesión, emite a correspondente resolución.

Segundo o artigo 20.1, de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Conforme o citado artigo 45 da Lei 39/2015, esta publicación producirá os mesmos efectos da notificación.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 9 de xuño de 2025, ditada no procedemento PL400A, relativa á concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 14 de febreiro de 2025, que figura como anexo desta resolución.

Segundo. Comunicar que contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral da Lingua, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa



publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, quen resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude de acordo co establecido na Orde do 14 de febreiro de 2025, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2025

Valentín García Gómez
Secretario xeral da Lingua

ANEXO

Resolución do 9 de xuño de 2025 relativa á concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega ao abeiro da Orde do 14 de febreiro de 2025 pola que se convoca o procedemento para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega (código de procedemento PL400A)

Mediante a Orde do 14 de febreiro de 2025 (*Diario Oficial de Galicia* número 43, do 4 de marzo) establecéronse as bases reguladoras e convocouse o procedemento para adxudicar as subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

Aquelas solicitudes que cumpriron cos requisitos desta convocatoria foron analizadas pola Comisión de Valoración prevista no artigo 18, segundo os criterios de avaliación establecidos no artigo 17 desta orde.

O órgano instrutor previsto no artigo 16, logo da baremación e á vista do informe coa relación dos solicitantes e a súa puntuación realizado pola Comisión de Valoración, formulou a proposta de resolución conforme o regulado no artigo 19.

Vista a proposta de resolución do órgano instrutor, o secretario xeral da Lingua resolve, por delegación da persoa titular da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, segundo o disposto na disposición adicional única da orde.

O financiamento destas subvencións, previsto no artigo 2, farase con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.460.0, correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, por unha contía inicial máxima de 350.000 €.

CVE-DOG: 9rtla91-9rx6-uli9-he38-2c8hwd32dw28



Con base no exposto,

RESOLVO:

Primeiro. A concesión de axudas, na contía que se indica, aos proxectos relacionados no anexo.

Segundo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Secretaría Xeral da Lingua, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, quen resolverá por delegación do conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude de acordo co establecido na Orde do 14 de febreiro de 2025, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Terceiro. A publicación desta resolución producirá os efectos de notificación, nos termos establecidos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2025. O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude. P.D. (disposición adicional única da Orde do 14.2.2025), Valentín García Gómez, secretario xeral da Lingua.

ANEXO

Número de expediente	Entidade	Modalidade	Importe
2025/0001	Concello de Ribadavia	Programas de dinamización lingüística	2.515,21 €
2025/0002	Concello de Ponte Caldelas	Programas de dinamización lingüística	1.900,00 €
2025/0003	Concello de Pontearreas	Mantemento dun servizo lingüístico	6.780,13 €
2025/0004	Concello de Cerdedo-Cotobade	Programas de dinamización lingüística	2.567,90 €
2025/0005	Concello de Val do Dubra	Mantemento dun servizo lingüístico	6.468,95 €
2025/0006	Concello de Narón	Mantemento dun servizo lingüístico	6.984,92 €
2025/0007	Concello de Ribadumia	Programas de dinamización lingüística	2.863,16 €
2025/0008	Concello do Barco de Valdeorras	Programas de dinamización lingüística	2.363,10 €
2025/0009	Concello de Xove	Programas de dinamización lingüística	2.363,10 €
2025/0010	Concello de Ames	Mantemento dun servizo lingüístico	9.941,53 €
2025/0011	Concello de Pontecesures	Programas de dinamización lingüística	2.400,00 €
2025/0012	Concello de Miño	Mantemento dun servizo lingüístico	7.423,34 €
2025/0013	Concello de Vilaboa	Programas de dinamización lingüística	2.567,90 €

CVE-DOG: 9rtla91-9rx6-uli9-he38-2c8hwd32dw28



Número de expediente	Entidade	Modalidade	Importe
2025/0014	Concello de Viveiro	Programas de dinamización lingüística	2.567,90 €
2025/0015	Concello de Santa Comba	Mantemento dun servizo lingüístico	7.190,72 €
2025/0016	Concello de Boiro	Mantemento dun servizo lingüístico	7.088,32 €
2025/0017	Concello de Outes	Mantemento dun servizo lingüístico	6.961,06 €
2025/0018	Concello de Tomiño	Programas de dinamización lingüística	2.651,41 €
2025/0019	Concello de Redondela	Mantemento dun servizo lingüístico	7.293,11 €
2025/0020	Concello de Ribeira	Mantemento dun servizo lingüístico	7.498,90 €
2025/0021	Concello da Coruña	Mantemento dun servizo lingüístico	8.377,73 €
2025/0022	Concello do Pino	Programas de dinamización lingüística	2.773,69 €
2025/0023	Agrupamento de Carnota e Mazaricos	Mantemento dun servizo lingüístico	7.192,70 €
2025/0024	Concello da Cañiza	Mantemento dun servizo lingüístico	7.211,59 €
2025/0025	Concello de Silleda	Programas de dinamización lingüística	1.331,80 €
2025/0026	Concello de Moaña	Mantemento dun servizo lingüístico	7.741,47 €
2025/0027	Concello de Padrón	Programas de dinamización lingüística	2.119,01 €
2025/0028	Concello de Vilagarcía de Arousa	Mantemento dun servizo lingüístico	8.059,60 €
2025/0029	Concello de Marín	Programas de dinamización lingüística	2.773,69 €
2025/0030	Concello de Cuntis	Programas de dinamización lingüística	2.530,80 €
2025/0031	Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ordes	Mantemento dun servizo lingüístico	8.215,68 €
2025/0032	Agrupamento de Quiroga, Ribas de Sil e Folgoso do Courel	Programas de dinamización lingüística	3.281,70 €
2025/0033	Concello de Outeiro de Rei	Programas de dinamización lingüística	2.259,71 €
2025/0034	Concello de Carballo	Mantemento dun servizo lingüístico	6.727,44 €
2025/0035	Concello de Barbadás	Programas de dinamización lingüística	2.671,29 €
2025/0036	Concello de Teo	Mantemento dun servizo lingüístico	7.873,69 €
2025/0037	Concello de Catoira	Programas de dinamización lingüística	2.567,90 €
2025/0038	Concello de Muros	Mantemento dun servizo lingüístico	5.239,19 €
2025/0039	Concello da Laracha	Programas de dinamización lingüística	2.438,66 €
2025/0040	Concello de Cambados	Programas de dinamización lingüística	2.259,71 €
2025/0041	Concello de Moraña	Programas de dinamización lingüística	2.363,10 €
2025/0042	Concello de Sanxenxo	Programas de dinamización lingüística	2.363,10 €
2025/0043	Concello da Baña	Programas de dinamización lingüística	3.605,79 €
2025/0044	Agrupamento da Veiga e Viana do Bolo	Programas de dinamización lingüística	2.635,51 €
2025/0045	Concello de Cabanas	Programas de dinamización lingüística	1.975,00 €
2025/0046	Concello de Mos	Programas de dinamización lingüística	2.567,90 €
2025/0047	Concello de Neda	Programas de dinamización lingüística	1.676,86 €
2025/0048	Concello de Oia	Programas de dinamización lingüística	2.773,69 €
2025/0049	Concello de Vedra	Programas de dinamización lingüística	2.773,69 €
2025/0050	Concello do Porriño	Programas de dinamización lingüística	2.671,29 €
2025/0051	Concello de Abegondo	Mantemento dun servizo lingüístico	7.088,32 €
2025/0052	Concello de Coristanco	Programas de dinamización lingüística	1.951,53 €
2025/0053	Concello das Neves	Programas de dinamización lingüística	1.980,00 €
2025/0054	Concello de Cariño	Programas de dinamización lingüística	2.969,53 €



Número de expediente	Entidade	Modalidade	Importe
2025/0055	Concello de Betanzos	Mantemento dun servizo lingüístico	7.498,90 €
2025/0056	Agrupamento de Bande, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños	Programas de dinamización lingüística	1.640,00 €
2025/0057	Concello de Arzúa	Mantemento dun servizo lingüístico	6.780,13 €
2025/0058	Concello de Vimianzo	Programas de dinamización lingüística	1.192,98 €
2025/0059	Concello de Ponteceso	Mantemento dun servizo lingüístico	5.302,81 €
2025/0060	Concello de Ferrol	Mantemento dun servizo lingüístico	7.396,50 €
2025/0061	Concello da Pobra do Caramiñal	Mantemento dun servizo lingüístico	5.547,38 €
2025/0062	Concello de Rianxo	Programas de dinamización lingüística	2.438,66 €
2025/0063	Concello do Carballiño	Mantemento dun servizo lingüístico	6.575,33 €
2025/0064	Concello de Carral	Mantemento dun servizo lingüístico	6.574,33 €
2025/0065	Concello de Melide	Mantemento dun servizo lingüístico	7.423,34 €
2025/0066	Concello do Rosal	Programas de dinamización lingüística	2.876,09 €
2025/0067	Concello de Bueu	Programas de dinamización lingüística	2.671,29 €
2025/0068	Concello de Brión	Programas de dinamización lingüística	2.259,71 €
2025/0069	Agrupamento de Chantada e Carballedo	Programas de dinamización lingüística	2.456,56 €
2025/0070	Concello de Soutomaior	Programas de dinamización lingüística	3.081,87 €
2025/0071	Concello de Valga	Mantemento dun servizo lingüístico	6.575,33 €
2025/0072	Concello de Caldas de Reis	Programas de dinamización lingüística	2.259,71 €
2025/0073	Concello de Cangas	Programas de dinamización lingüística	2.465,50 €
2025/0074	Concello de Vila de Cruces	Programas de dinamización lingüística	2.485,39 €
2025/0075	Concello de Tui	Programas de dinamización lingüística	2.385,97 €
2025/0076	Concello de Sarria	Programas de dinamización lingüística	718,77 €
2025/0077	Concello de Valdoviño	Programas de dinamización lingüística	3.605,79 €
2025/0078	Concello de Muxía	Programas de dinamización lingüística	1.789,89 €
2025/0079	Concello de Celanova	Programas de dinamización lingüística	1.640,00 €
2025/0080	Concello de Meis	Programas de dinamización lingüística	925,00 €
2025/0081	Concello da Guarda	Programas de dinamización lingüística	1.485,00 €
2025/0082	Agrupamento de Boborás e Castrelo de Miño	Programas de dinamización lingüística	2.340,25 €
2025/0083	Concello da Fonsagrada	Programas de dinamización lingüística	1.789,50 €
2025/0084	Agrupamento de Rois e Dodro	Mantemento dun servizo lingüístico	9.185,00 €
2025/0085	Concello de Salceda de Caselas	Programas de dinamización lingüística	2.400,00 €
2025/0086	Concello de Mondariz	Programas de dinamización lingüística	3.300,00 €
2025/0087	Agrupamento de Xermade, Muras e Vilalba	Programas de dinamización lingüística	1.500,00 €
Total			350.000,00 €

